

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, DA ASISTENCIA XURÍDICA NO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES.

I.-OBJECTO DO CONTRATO, RÉXIME XURÍDICO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

I.1.-O obxecto do contrato é o asesoramento xurídico no Centro de Información ás Mulleres, nas materias propias desta. Tal asesoramento cubrirá a prestación de información xurídica concreta e adecuada ás usuarias do citado Centro, sen que en ningún momento se entenda incluída dentro do servizo a defensa xudicial das usuarias, ou calquera outra actuación que transcenda da mera información legal.

Igualmente inclúese neste contrato asesoramento en cuestións puntuais aos empregados municipais do Centro de Información ás Mulleres.

O contrato rexerese polos criterios establecidos no *Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento*, que determina tanto todas aquelas funcións que veñen determinadas pola participación nas actividades do Centro de Información ás Mulleres como os requisitos indispensables para poder optar ao obxecto da licitación.

II.-FUNCIÓNS

O traballo que desenvolverá o contratista deberá axustarse ao preceptuado no artigo 13 do citado Decreto 130/2016, que establece as funcións da persoa que exerza o asesoramento xurídico no CIM, recollendo a seguinte relación:

- a) Información e asesoramento xurídico.
- b) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.
- c) Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM.

III.- REQUISITOS INDISPENSABLES PARA A LICITACIÓN

Os seguintes requisitos de solvencia son coherentes co obxecto do contrato a desenvolver e coas previsións do artigo 10 no punto 1.c) e no punto 3 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

Trátase de requisitos obrigatorios, de xeito que se non son acreditados polo licitador/a, será directamente inadmitido no procedemento:

-- acreditación da titulación en grao, ou equivalente, en Dereito. Deberá aportarse o título en Dereito ou a certificación acreditativa de que se dispón del.

-- acreditación da formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero; mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, en cursos organizados ou recoñecidos por

centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administracións Locais, Universidades, Colexios oficiais ou Escolas de administración pública . Debemos entender por formación en materia de igualdade por razón de xénero ou formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero, tamén a formación en materia de violencia de xénero.

-- acreditación de experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero; mediante a acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria). Entendendo por experiencia en igualdade de oportunidades por razón do xénero, tamén a experiencia en materia de violencia de xénero.

No caso de que o licitador/a sexa unha empresa, deberá acreditar estes requisitos en relación con un ou varios traballadores da mesma. Asemade, deberá acompañar o compromiso de empregar ós mesmos para a execución do contrato de asistencia xurídica no CIM do Concello da Estrada.

IV.-ADXUDICACIÓN:

Poderán recabarse os informes que se consideren oportunos para a avaliación dos méritos. Do mesmo xeito, no relativo ós requisitos indispensables para a licitación, ou calquera outra cuestión que puidera xurdir durante o proceso de selección.

Os criterios que se terán en conta para valorar as ofertas dos/as licitadores/as son:

- prezo (ata 15 puntos)
- cursos (ata 15 puntos)
- colexiación (ata 10 puntos)
- quenda de oficio (ata 10 puntos)
- quenda específica de violencia de xénero (ata 4 puntos)

A puntuación outorgarase cun máximo de dous decimais. En caso de empate entre dous ou máis licitadores, resolverase a favor daquela que ofertara o mellor prezo. De persistir o empate resolverase por sorteo público.

No caso de que o licitador sexa unha empresa, a acreditación relativa ós criterios de cursos, colexiación e quenda de oficio, deberá facela en relación con un ou varios traballadores da mesma. Asemade, deberá acompañar o compromiso de empregar ós mesmos para a execución do contrato de asistencia xurídica no CIM do Concello da Estrada.

O órgano de contratación adxudicará o contrato de acordo cos seguintes criterios:

1) Oferta económica (ata un máximo de 15 puntos).

A proporción económica correspondente ás ofertas presentadas avaliarase con un máximo de 15 puntos, outorgando a máxima puntuación á empresa que presente a mellor oferta respecto do prezo tipo de licitación, obténdose as demais puntuacións mediante a seguinte fórmula:

$$\text{PEC} = \text{oferta máis económica} \times 15 / \text{oferta do licitador.}$$

2) Cursos a maiores das 200 horas de formación mínima esixida (ata un máximo de 15 puntos). Por xornadas, congresos, simposios, seminarios ou cursos de formación e perfeccionamento en materia de igualdade por razón do xénero -incluíndo tamén as xornadas, congresos, seminarios e

cursos en materia de violencia de xénero- organizados ou recoñecidos por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administracións Locais, Universidades, Colexios oficiais ou Escolas de administración pública. Inclúense os organizados por sindicatos no marco do Acordo Nacional de Formación Continua).

Deberá presentarse documentación acreditativa da súa duración e superación. Puntuaranse do seguinte xeito, ata un máximo de 15 puntos:

De máis de 20 horas: 4 puntos por curso.

De entre 12 horas ata 20: 2 puntos por curso.

De entre 6 horas ata 12: 1 punto por curso.

Menos de 6 horas: 0,25 puntos por curso.

3) Colexición como exercente (ata un máximo de 10 puntos).

Por ano de colexiación como exercente: 1 punto ata un máximo de 10. Sumaránse tódolos períodos de colexiación como avogado/a exercente. A efectos deste criterio, desprezaráse o tempo adicional a un ano completo de colexiación. Terá que presentarse certificado ou documento acreditativo do Colexio ou Colexios profesionais de avogados nos que conste o tempo de alta como colexiado exercente.

4)Quenda de oficio (ata un máximo de 10 puntos)

Por ano de antigüedad na Quenda de Qficio: 1 punto ata un máximo de 10. Sumaranse tódolos períodos de colexiación. A efectos deste criterio, desprezaráse o tempo adicional a un ano completo. Terá que presentarse certificado ou documento do Colexio ou Colexios de Avogados, no que conste o tempo de alta en dita quenda emitido polo Colexio Provincial de Avogados.

5) Quenda específica de Violencia de Xénero (ata un máximo de 4 puntos).

Por ano de antigüedad na Quenda específica de Violencia de Xénero: 1 punto ata un máximo de 4. Terá que presentarse certificado ou documento do Colexio ou Colexios de Avogados, no que conste o tempo de alta en dita quenda emitido polo Colexio Provincial de Avogados.

V.-OBRIGAS DO CONTRATISTA. PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.

Serán obrigas específicas do contratista as seguintes:

1.- Prestar asesoramento xurídico ás usuarias do Centro de Información ás Mulleres con independencia no manexo dos seus criterios xurídicos. Así, sen perxuízo de que unha incorrecta execución do contrato pode dar lugar á súa resolución, e de que, por suposto, un inadecuado labor de asesoramento ás usuarias poida considerarse incorrecta execución do contrato.

A estes efectos, debera de poñer a disposición do Concello un/a avogado/a para tratar directamente coas usuarias no Centro durante un mínimo de dez (10) horas semanais, nos días e nas horas que sinale o Concello, prevéndose en principio que se tratará dos luns de 10:00 a 14:00 horas e os xoves de 09:00 a 15:00 horas.

No caso de que algún dos días establecidos en principio para a prestación do servizo fose festivo, terase que realizar o traballo noutro día determinado pola Concelleira de Igualdade. Se algunha semana o/a contratista non puidera prestar o servizo, éste realizarase nunha semana posterior.

Ademáis deste labor de trato directo coas usuarias no Centro, o/a contratista deberá realizar cos seus propios medios (empregando os seus propios repertorios de xurisprudencia, de lexislación, bases de datos, manuais, etc) e en lugar, día e horarios diferentes, os labores precisos para adquirir os coñecementos oportunos cos que dar o asesoramento axeitado a cada caso que se lle presente.

3.-O contratista durante o prazo de duración do contrato adquire o compromiso expreso de non asesorar ou defender xuridicamente a terceiros que expuxesen, en vía administrativa ou xudicial, intereses contrarios aos do Concello.

4.-O contratista non poderá, con respecto ás mulleres usuarias do servizo, realizar actividades profesionais de carácter oneroso.

5.-O contratista non poderá realizar actividades profesionais en exercizo de accións ou similares, contra as mulleres usuarias do servizo, nin sequera a causa da súa atribución na quenda de oficio (no caso de que estea apuntado á mesma)

6.-O contratista non poderá en ningún caso subarrendar ou ceder o presente contrato, sen contar ca previa autorización do Concello.

Na Estrada, a 12 de setembro de 2017

Documento asinado electronicamente á marxe